



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA, A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA EN MATERIA DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2013

REÚNENSE:

- **Dona Pilar Rojo Nogueira**, presidenta do Parlamento de Galicia, que actúa no seu nome e representación, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, con sede na rúa do Hórreo, número 63, de Santiago de Compostela.
- **Don Jesús Vázquez Abad**, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, na súa redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e de acordo co seu nomeamento no Decreto 229/2012, do 2 de decembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- **Don Juan José Casares Long**, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude do establecido nos seus estatutos e de nomeamento como reitor polo Decreto 99/2010, do 17 de xuño, (DOG nº 119 de 24 de xuño) actuando en nome e representación da devandita entidade.
- **Dona María del Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que actúa de acordo co seu nomeamento no Decreto 91/2012, do 16 de marzo, que se publicou no DOG do 20 de marzo de 2012, e en virtude das facultades que lle outorga o artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea esta axencia e se aproban os seus estatutos.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente capacidade plena para formalizar este convenio de colaboración e, en consecuencia,



EXPOÑEN:

Primeiro. Que o Parlamento de Galicia (en diante o Parlamento) é un poder estatutario que ten como función representar o pobo de Galicia e que é a primeira das institucións da Comunidade Autónoma galega da que derivan todas as outras. Está facultado para exercer os poderes públicos de Galicia, xunto coa Xunta de Galicia e o seu presidente, segundo dispoñen os artigos 9 e 10 do Estatuto de autonomía de Galicia e de conformidade coa Constitución española.

Segundo. Que á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, (en diante a Consellería) a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, (en diante a SXPL) correspóndenlle as competencias en materia de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivo impulsar e potenciar o emprego do galego de acordo co disposto no artigo 5º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e o artigo 6º.3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, concretamente, lle corresponde coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, así como desenvolver medidas para o fomento do uso do idioma nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego.

Para o cumprimento destes fins e obxectivos, ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH), dependente da Secretaría Xeral de Política Lingüística, compételle, entre outras funcións, xestionar o desenvolvemento de proxectos e programas lingüísticos para a normalización da lingua galega, pola súa posición institucional de referencia para crear os contornos idóneos que favorezan a investigación.

Terceiro. Que a Universidade de Santiago de Compostela (en diante a USC) é unha entidade que leva a cabo actividades de investigación, docencia e desenvolvemento científico e tecnolóxico, que ten entre os seus fins o de procurar o seu enraizamento na sociedade galega que a sustenta e, en xeral, contribuír ao seu progreso social, económico e cultural.

Cuarto. Que a USC vén colaborando co CRPIH desde o ano 1995 no desenvolvemento conxunto de actuacións de investigación relacionadas coa lingua e a literatura galegas, motivo polo cal se formalizaron diversos convenios de colaboración de xeito ininterrompido. O compromiso de ambas as dúas partes para continuar colaborando en materia de investigación lingüística queda reflectido no convenio plurianual asinado con



data do 2 de outubro de 2013, entre a Consellería a través do CRPIH e a USC, para a realización dun programa de accións en materia de investigación, que ten vixencia ata o ano 2015.

As particularidades e características específicas dos diferentes proxectos de investigación en curso que se desenvolven no CRPIH, e que se identifican no anexo do dito convenio, entre os que se inclúe o *Código de dereito galego* consolidado en liña, xustifican a colaboración coa USC, co Parlamento e coa Amtega, xa que logo, estas entidades dispoñen, respectivamente, de persoal docente investigador, servizos xurídicos, infraestrutura técnica e a tecnoloxía máis adecuada para garantir a consecución dos obxectivos perseguidos, que non poderían acadarse nun escenario de concorrencia pública.

Quinto. Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante a Amtega) é unha axencia pública autonómica, adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, que ten por obxecto a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa ás tecnoloxías da información e ás comunicacións, así como a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Sexto. Que, dado o interese público desta iniciativa e o seu efecto sobre a sociedade en xeral, o Parlamento de Galicia xa tivera manifestado un especial interese no *Código de dereito galego* consolidado en liña e, por iso, asinou coa Consellería un protocolo de colaboración para facilitar e intercambiar a información que ambas as dúas partes consideraron adecuada para posibilitar a elaboración e o acceso da sociedade galega a este novo recurso normativo e lingüístico.

Así mesmo, a Amtega, en virtude das competencias que ten atribuídas no eido do desenvolvemento tecnolóxico, tamén expresou o seu interese no proxecto e, por iso, quere adherirse particularmente a esta actuación, prestando a súa colaboración en forma de asesoramento técnico e tecnolóxico en relación cos aspectos referidos ao soporte técnico e ao proceso de instalación e de utilización da aplicación informática e/ou portal informático que se desenvolva para posibilitar a súa conexión en liña, de forma gratuíta a través da internet.

Sétimo. Que as partes consideran como referente normativo básico da súa actuación a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega. Tamén se ten en consideración o Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou por unanimidade o Pleno da



Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, no que se recollen unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a normalización do galego.

Polos motivos expostos, as partes acordan asinar este convenio de colaboración, consonte as seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto.

Este convenio ten por obxecto, dende o punto de vista estratéxico, establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre o Parlamento, a Consellería, a través da SXPL, a USC e a Amtega para posibilitar a elaboración e o acceso da sociedade galega en xeral a un novo recurso normativo e lingüístico denominado *Código de dereito galego* consolidado e en liña.

Dende o punto de vista operativo, as partes facilitaranse entre si e intercambiarán mutuamente toda aquela información que se considere útil para este proxecto, promoverán a instalación, o coñecemento e o uso do citado código e facilitarán o seu acceso gratuíto a través da rede de internet.

Segunda. Finalidade.

A finalidade deste convenio é colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas de dinamización da lingua galega, dirixidas a toda a sociedade galega en xeral, co fin de lograr unha oferta ampla e competitiva de produtos e recursos lingüísticos en galego no mercado da información e da comunicación que permita a libre circulación do galego nos sistemas avanzados da vida moderna.

Terceira. Obrigas do Parlamento.

Mediante a sinatura deste convenio, o Parlamento, en coherencia coa política de normalización lingüística desta institución, comprométese a colaborar na posta en marcha deste recurso e asumirá as seguintes obrigas:

- a) Proporcionar a infraestrutura e os recursos que poidan ser precisos para a execución do proxecto durante a vixencia do convenio.
- b) Facilitar o acceso aos seus fondos e arquivos documentais en materia legislativa, de acordo coas súas propias normas de acceso e uso.
- c) Por á disposición do proxecto os servizos xurídicos e lingüísticos, propios ou alleos, que, de ser o caso, se precisen, para apoiar as accións ás que se refire este convenio.



De ser necesaria a contratación de servizos alleos a esta entidade, por non dispoñer de medios materiais nin persoais suficientes para realizalos, o seu custo non poderá superar o importe máximo de 2.500, 00 €, IVE incluído.

Cuarta. Obrigas da Consellería.

Mediante a sinatura deste convenio, a Consellería adquire o compromiso de colaborar na elaboración deste código normativo, a través da SXPL, coas seguintes accións:

1. O CRPIH, dependente da SXPL, apoiará cos seus medios un novo proxecto de investigación sobre a normativa de Galicia que terá o seguinte alcance:

- Plebe*
- a) A creación dunha aplicación informática que permita incorporar á normativa de Galicia as modificacións de cada norma e os comentarios que os directores do proxecto de investigación consideren conveniente introducir. Esta aplicación incluírá tamén un buscador con varias opcións de busca.
 - b) O apoio e o asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos, léxicos e terminolóxicos, en especial do director do proxecto Termigal e do persoal adscrito a este.
 - c) O persoal científico e investigador que colabora nas tarefas terminolóxicas relativas ao léxico e expresións do ámbito do dereito e que lles dan soporte aos xuristas e ao conxunto de profesionais que exercen a súa actividade diaria neste ámbito.
 - d) A colaboración do persoal informático do CRPIH, no desenvolvemento da aplicación e na incorporación de contidos.
 - e) A supervisión xeral do proxecto e a incorporación dos comentarios elaborados polas persoas que dirixan o proxecto de investigación sobre a normativa de Galicia.
 - f) O mantemento e a incorporación das normas que se publiquen, así como de novas modificacións ás existentes.

2. Contribuirá á difusión e divulgación do novo recurso normativo e lingüístico.

Quinta. Obrigas da USC.

A USC colaborará no proceso de elaboración e posta en funcionamento do *Código de dereito galego* consolidado en liña cunha contribución que se concreta en horas de dedicación á investigación, comprometéndose particularmente ao seguinte:

- a) Realizar -a través dos seus investigadores- as tarefas de dirección e coordinación dos traballos para dotar de contido este recurso.



- b) Elaborar os comentarios que se incorporen ás disposicións normativas que o integran.

Sexta. Obrigas da Amtega.

Mediante a sinatura deste convenio, a Amtega comprométese a colaborar no desenvolvemento deste proxecto coas seguintes accións:

- a) Darlle soporte á aplicación/portal que se realice e que residirá na infraestrutura que a Amtega dispoña para ela con acceso gratuito a través de internet.
- b) Facilitar o apoio e o asesoramento técnico e tecnolóxico en relación con aspectos relacionados co proceso de instalación e de utilización da aplicación, probas e controis, así como calquera outro que poida xurdir no desenvolvemento do proxecto e que sexa preciso para unha mellor optimización e funcionamento da aplicación.

Sétima. Xustificación.

Logo de que remate a vixencia do convenio, a Comisión de Seguimento prevista na cláusula décimo terceira realizará as comprobacións necesarias e presentará un informe final sobre o proxecto desenvolvido e a valoración dos resultados obtidos.

Oitava. Responsabilidade do proxecto.

- 1) O Parlamento, a Consellería, a USC e mais a Amtega serán quen organicen o proxecto e encargaranse de realizar as actuacións necesarias para desenvolver as actividades obxecto deste convenio, nun proceso de colaboración continuo. As catro entidades, como coorganizadoras, terán unha participación activa e esencial na concepción, elaboración e realización do proxecto.
- 2) Para os efectos do previsto no apartado anterior, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se refire a cláusula décimo terceira deste convenio, as catro entidades deseñarán e elaborarán conxuntamente o programa de actividades do proxecto, designarán o persoal máis axeitado de cara á conformación do equipo necesario para a coordinación do proxecto –que manterá reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades realizadas– e xestionarán calquera modificación que xurda no desenvolvemento das actividades, a través dos medios materiais, técnicos e humanos que se precisen para a súa consecución, nun proceso de colaboración entre as partes asinantes.
- 3) A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre o persoal que vaia desenvolver as actividades proveniente do Parlamento ou da USC coa Xunta de Galicia e/ou coa Amtega, de tal xeito que a estas non se lles pode esixir responsabilidade



ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do convenio.

4) A participación dos investigadores da USC nas actividades recollidas no presente convenio, efectuarase conforme a regulamentación propia da USC recollida nos seus estatutos e no Regulamento de cursos de especialización e convenios, e de acordo coa Lei de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e coa Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril. Así mesmo, para o caso de participación de persoal do Parlamento ou colaboradores⁴ daquela institución aplicarase a regulamentación propia da institución parlamentaria.

Plebe
Novena. Utilización da lingua galega.

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente o respecto rigoroso da toponimia oficial, nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.

f
Décima. Propiedade ou titularidade dos traballos, propiedade intelectual e publicidade.

[Handwritten signature]
1) A propiedade e o uso dos traballos será común para as partes asinantes e só poderán utilizalos para os fins de cada unha delas, sempre de xeito gratuito. Así mesmo, serán as titulares dos dereitos incorporais de propiedade intelectual de carácter patrimonial respecto do contido intelectual do *Código de dereito galego* en liña.

2) Nas actuacións informativas e divulgativas, así como nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio, farase constar nun lugar destacado a colaboración das partes asinantes e utilizaranse, en igual tamaño e consideración, os anagramas ou logos que correspondan, segundo o previsto pola normativa de identidade corporativa da Xunta de Galicia.

[Handwritten signature]
3) Estes logotipos deberán constar tamén cando se proceda á publicación ou á difusión dos traballos que se indican no convenio, independentemente do tempo no que se realice a súa



reproducción por algunha das partes ou por calquera dos investigadores ou técnicos que participen nas actividades obxecto deste convenio.

Sexa cal sexa o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

Décimo primeira. Rexistro de Convenios.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. Vixencia.

Este convenio estará vixente dende a data do súa sinatura ata o 31 de decembro de 2013, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes polo incumprimento dos compromisos que nel se recollen, cun mes de antelación polo menos. Durante o citado prazo presentárase o proxecto inicial do *Código de dereito galego* consolidado en liña.

Con posterioridade a esta data e coincidindo co ano natural, o convenio prorrogárase automaticamente por períodos anuais, sempre que non medie denuncia de calquera das partes asinantes, ata un máximo de dous anos, coincidindo así, coa vixencia prevista no convenio suscrito entre a Consellería a través do CRPIH e a USC, para a realización dun programa de accións en materia de investigación, que ten vixencia ata o ano 2015. Mediante addenda estableceranse as obrigas anuais de cada parte asinante.

Décimo terceira. Comisión de Seguimento.

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, créase unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes do Parlamento, dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, dous representantes da USC e dous representantes da Amtega.

Esta comisión, que estará presidida por un representante da SXPL, coordinará o desenvolvemento deste convenio e estará facultada para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polos técnicos necesarios. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.



Décimo cuarta. Causas de resolución.

Este convenio resolverase:

- a) Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

Décimo quinta. Normativa aplicable e xurisdición.

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución do 8 de abril de 1991, da Consellería de Economía e Facenda.

As posibles discrepancias na aplicación e/ou na interpretación deste convenio resolveranse polo diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de Seguimento prevista na estipulación décimo terceira.

A xurisdición contencioso -administrativa será a competente para dirimir as cuestións que poidan xurdir como consecuencia da execución e da interpretación deste convenio.

Ao estaren as catro partes conformes co estipulado, asínanse cinco copias do convenio.

A presidenta do Parlamento
de Galicia

Pilar Rojo Nogueira

O conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

Jesús Vázquez Abad

O reitor magnífico da Universidade de
Santiago de Compostela

Juan José Casares Long

A directora da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de Galicia

María del Mar Pereira Álvarez